



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sistema xudicial español e proceso civil

Materia	Sistema xudicial español e proceso civil			
Código	003G081V01403			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Iglesias Canle, Ines Celia			
Profesorado	Iglesias Canle, Ines Celia			
Correo-e	ines@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia Sistema Xudicial Español e Proceso Civil estruturase en dúas partes. Na primeira parte, á que se dedicará 1/3 da carga lectiva, estúdase basicamente, o concepto e garantías da xurisdición, a organización dos órganos xurisdicionais, o persoal dos órganos xurisdicionais e o colaborador, así coma os principios rectores do proceso. A segunda parte, que ocupará os 2/3 da carga lectiva, dedícase ao estudo do proceso civil: suxeitos e obxecto do proceso; desenvolvemento do proceso nas súas distintas modalidades; a proba no proceso civil; as medidas cautelares; os recursos e a execución forzosa.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C26	CE32 - Coñecer a organigrama xurisdiccional español e da U.E., a organización e funcións do persoal xurisdiccional e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, así como as institucións básicas do proceso civil e as súas modalidades procedimentais.
C27	CE33 - Ser capaz de identificar os problemas xurídicos-procesuais de carácter civil e abordar a súa solución mediante a interpretación e aplicación crítica da normativa procesual civil
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer a organigrama xurisdiccional español e da U.E.; da organización e funcións do persoal xurisdiccional e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza; e das institucións básicas do proceso civil e das súas modalidades procedimentais.			B1
			B2
			B3
			B4
Familiarizarse co funcionamento práctico do proceso civil nas súas diversas modalidades procedimentais.	A2	C26	D1
	A3	C27	D3
	A4		D4
			D5

Contidos

Tema	
I.- A Xurisdición e os órganos xurisdicionais	<p>Tema 1.-A Xurisdición como "función" e como "poder" do Estado: 1.- O conflito e os seus medios de solución. 2.- Funcións específicas da Xurisdición. Extensión e límites da Xurisdición- 3.- O Poder Xudicial e os outros Poderes do Estado.</p> <p>Tema 2.- Garantías da Xurisdición: 1.- A independencia do Poder Xudicial. 2.- A exclusividade da Xurisdición. 3.- O principio de unidade xurisdiccional. 4.- A responsabilidade do Estado polo funcionamento da Xustiza.</p> <p>Tema 3.- Organización da Xurisdición ordinaria. Tribunais especiais constitucionalizados: 1.- Ordes xurisdicionais. 2.- Os órganos xurisdicionais ordinarios e as súas competencias. 3.- O Tribunal Constitucional. 4.- A Xurisdición militar. 5.- O Tribunal del Contas. 6.- Tribunais supranacionais.</p>
II.- Os Xuíces e Maxistrados. O Ministerio Fiscal. Avogados e Procuradores. A Oficina Xudicial. Órganos colaboradores co sistema judicial.	<p>Tema 4.- Personal xurisdiccional: 1.- Clases e categorías. 3.- Estatuto dos xuíces e maxistrados. 3.- Órganos de goberno do Poder Xudicial.</p> <p>Tema 5.- A oficina xudicial: 1.- A oficina xudicial. 2.- Os Letrados da Administración de Xustiza 3.- Corpo de funcionarios da administración de xusticia. 4.-</p> <p>Outros profesionais que cooperan coa Administración de Xustiza.- 5. A Policía Xudicial.</p> <p>Tema 6.- Persoal colaborador: 1.- O Ministerio Fiscal. 2.- Avogados e Procuradores</p>
III.- Dereito á tutela xudicial efectiva.	<p>Tema .7.- A persoa ante a Administración de Xusticia: 1.- Dereito á tutela xudicial efectiva. 2.- Dereito a un proceso con todas as garantías. 3.- Dereito á asistencia xurídica gratuita.</p>
IV.- O proceso e os seus principios rectores. Actos procesuais e actos de comunicación.	<p>Tema 8.- Concepto e principios informadores do proceso. Os presupostos procesuais: 1.- Concepto, natureza, contido e función do proceso. 2.- Os principios informadores do proceso o do procedemento. 3.- Os presupostos procesuais: relativos ao órgano xudicial, relativos ás partes e relativos ao obxecto do proceso. 4.-</p> <p>Estrutura básica do proceso. 5.- Efectos do proceso.</p> <p>Tema 9.- Os actos procesuais. Actos de comunicación e auxilio xudicial: 1.- Os actos procesuais: concepto e clases; lugar, tempo e forma dos actos procesuais 2.- Actos de comunicación. 3.- Actos de auxilio xudicial</p>
V. O proceso civil: conceptos xerais e presupostos procesais.	<p>Tema 10.- O proceso civil y o Dereito procesal civil: 1.- Concepto, función e natureza do proceso civil. 2.- Fontes. 3.- Principios e estrutura básica do proceso civil.</p> <p>Tema 11.- Suxeitos do proceso civil (I). Órgano xurisdiccional: 1.- Orde xurisdiccional civil: órganos xurisdicionais e competencia. 2.- A competencia obxectiva, funcional e territorial. 5.- Tratamento procesal da competencia.</p> <p>Tema 12.- Suxeitos (II). As partes: 1.- Capacidade para ser parte. 2.- Capacidade procesal 3.- Lexitimación. 4.- Postulación. 6. Pluralidade de partes: litisconsorcio e intervención procesal.</p> <p>Tema 13.- O obxecto do proceso: 1.- Elementos que identifican o obxecto do proceso. 3.- Pluralidade de obxectos: Acumulación de acción e de procesos.</p>

VI. Proceso civil: Actos previos. Demanda y contestación a la demanda. Audiencia previa. Juicio. Medios de prueba. Sentencia. Terminación anticipada del proceso. Efectos del proceso. Los costes del proceso. La asistencia jurídica gratuita.	<p>Tema 14.- Actos previos ao proceso civil. A demanda: 1.- Actos previos ao proceso civil. 2.- A demanda e o seu contido. 3.- Documentos que deben presentarse coa demanda. 4.- Efectos da interposición da demanda.</p> <p>Tema 15.- Posicións do demandado fronte á demanda: 1.- Contestación á demanda. Excepcións. 2.- A reconvenção. 3.- A ausencia do demandado no proceso: a rebeldía. Características e efectos.</p> <p>Tema 16.- A audiencia previa ao xuízo: 1.- A audiencia previa. 2.- Proposición e admisión da proba. Sinalización do xuízo. 3.- Feitos novos ou de nova noticia. O escrito de ampliación.</p> <p>Tema 17.- A proba. 1.- Concepto. 2.- Fontes e medios de proba. 3.- Obxecto da proba. 4.- Carga da proba. 5.- Llicitude da proba. 6.- A valoración da proba. 7.- Procedemento probatorio.</p> <p>Tema 18.- Os medios de proba: 1.- A proba documental. 2.- Reprodución da palabra, o son e a imaxe. 3.- O interrogatorio das partes. 4.- A proba de testemuñas. 5.- A proba de informes. 6.- Dictamen de peritos. 7.- A proba de recoñecemento xudicial. 8.- As presuncións: concepto e clases.</p> <p>Tema 19.- O xuízo ou vista. A sentenza. A cousa xulgada. 1.- Desenrolo do xuízo ou vista. 2.- Conclusións e informes. 3. Dilixencias finais. 4. A sentenza. 5.- A cousa xulgada formal e material. 6.- Rescisión de sentencias firmes. O proceso de revisión. A audiencia ao rebelde.</p> <p>Tema 20.- Terminación anticipada do proceso. 1.- Renuncia. 2.- Allanamento. 3.- Desistimento. 4.- Transacción. 5.- Satisfacción extraprocesual. 6.- Caducidade na instancia. 7.- Sobresemento</p> <p>Tema 21.-As costas procesuais. 1.- As costas procesuais: criterio da LEC respecto ao pago das costas. 2.- Excepcións e limitacións á condena de costas. 3. A tasación de costas. 4.- A tasa xudicial.</p>
VII. Os recursos	<p>Tema 22.- Recursos. Os recursos contra resolucións interlocutorias. O recurso de apelación: 1.- Concepto e fundamento dos recursos. 2.- Clases. 3.- Presupostos. 4.- Recursos contra resolucións interlocutorias. 5.- Recurso de apelación. 6.- A execución provisional.</p> <p>Tema 23.- O recurso extraordinario por infracción procesal. Recurso de casación: 1.- Recurso extraordinario por infracción procesal. 2.-O recurso en interés de lei. 3.- O recurso de casación</p>
VIII. As medidas cautelares	<p>Tema 24.- As medidas cautelares: 1.- Concepto e características. 2.- Competencia. 3.- Presupostos. 4.- Medidas cautelares específicas. 5.- Procedemento de adopción e oposición. 6.- Caución sustitutoria. 7.- Modificación e alzamento</p>
IX. Execución. A xurisdición voluntaria. A cooperación xudicial interna e internacional.	<p>Tema 25.- O proceso de execución: 1.- Títulos eecutivos: concepto e clases. 2.- Recoñecemento de títulos estranxeiros. 3.- Partes na execución. 4.- Tribunal competente. 5.- A demanda executiva e documentos que deben acompañala. O despacho de execución. 6.- Oposición na execución.</p> <p>Tema 26.- Tipos de execución: 1.- Execución dineraria. Requirimento de pago. 2.- O embargo. 3.- Localización dos bens do executado. 4.- A tercería de dominio. 5.- Realización dos bens embargados: o procedemento de apremio. 6.- Particularidades da execución de bens hipotecados o pignorados. 7.- A execución non dineraria.</p>
X. Modalidades procedimentais: procesos ordinarios, sumarios e especiais.	<p>Tema 27.- Procesos declarativos ordinarios. 1.- Xuízo ordinario. 2.- Xuízo verbal.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	40	85	125
Estudos/actividades previas	0	34	34
Estudo de casos/análises de situacións	31	0	31
Probas de resposta curta	2	0	2
Estudo de casos/análisis de situacións	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenrolar polo estudante.
Estudos/actividades previas	Busca e lectura de forma autónoma por parte do alumnado da documentación recomendada polo profesor que lles facilite o seguimento posterior das sesións maxistrais.
Estudo de casos/análises de situacións	No horario de titorías fixado polo profesor/a e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor/a as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou cos exercicios e casos prácticos propostos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	
Estudos/actividades previas	

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Probas de resposta curta	Ao longo do cuadrimestre realizaránse nas fechas indicadas polo profesor 2 probas tipo test e/ou pregunta curta (1 da parte de Sistema Judicial Español y 1 da parte de Proceso Civil). Estas probas non liberan materia de cara ao exame final. Resultado de aprendizaxe que se avalía: Coñecer a organigrama xurisdiccional español e da U.E.; da organización e funcións do persoal xurisdiccional e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza; e das institucións básicas do proceso civil e das súas modalidades procedimentais.	25	B1	B2
Estudo de casos/análises de situacións	Na data indicada polo profesor realizarase unha proba de carácter práctico consistente no estudo dun caso. Esta proba versará sobre a parte de Proceso Civil. Dentro deste apartado avaliarase tamén o traballo dos alumnos relativo ao "Traballo en grupo, exposición e debate" desenvolvido durante as clases prácticas. Todo elo en conxunto corresponderase cun 25 % da calificación. Resultado de aprendizaxe que se avalía: Familiarizarse co funcionamento práctico do proceso civil nas súas diversas modalidades procedimentais.	25	A2 A3 A4	D1 D3 D4 D5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Na data fixada no calendario oficial de exames, realizarase un exame teórico oral, que comprende toda a materia. Salvo na convocatoria de fin de carreira, onde o exame final teórico será tamén escrito. Resultado de aprendizaxe que se avalía: Coñecer a organigrama xurisdiccional español e da U.E.; da organización e funcións do persoal xurisdiccional e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza; e das institucións básicas do proceso civil e das súas modalidades procedimentais.	50	B3 B4	

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Primeira avaliación (xaneiro):

O estudante debe elixir entre un sistema de avaliación continua ou a realización dun exame final.

Avaliación continua: O estudante que se someta á avaliación continua realizará durante o cuadrimestre dúas probas teóricas, cuxa nota media constituirá o 25% da calificación final, e unha proba práctica que constituirá tamén o 25% da calificación final.

A avaliación completárase cun exame final que será oral. Este exame representa o 50% da nota final, pero ten que ser superado cun 5 sobre 10 para que se sume á nota media obtida na avaliación continua.

O estudante que non se someta á avaliación continua realizará un exame final que representa o 100% da calificación da materia. O exame constará de dúas partes: unha teórica oral e unha práctica escrita. Para superar o exame e ter a condición de aprobado esíxese superar cada unha das partes, a parte teórica e a parte práctica. Una vez superadas, a nota global resultará da suma de ambas.

2. Segunda avaliación (xullo): Consistirá para todos os alumnos nun examen final único que representa o 100% da

calificación da materia.

O exame constará de dúas partes: unha teórica oral e outra práctica escrita. Para superar o exame e ter a condición de aprobado esíxese superar cada unha das súas partes, a parte práctica e a teórica. Unha vez superadas cada unha delas, a nota resultará da suma de ambas.

3. Convocatoria de fin de carreira: Consistirá para todos os alumnos nun examen final único que representa o 100% da calificación da materia. O exame constará de dúas partes: unha teórica e outra práctica, ambas as dúas escritas. Para superar o exame e ter a condición de aprobado esíxese superar cada unha das súas partes, a parte práctica e a teórica. Unha vez superadas cada unha delas, a nota resultará da suma de ambas. As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias (1ª edición de actas, 2ª edición de actas e Fin de Carreira) serán as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2017/2018.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

MORENO CATENA, V.; CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., **Introducción al Derecho Procesal**, 8ª, Tirant lo Blanch, 2015

MORENO CATENA, V.; CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., **Derecho procesal civil. Parte General**, 8ª, Tirant lo Blanch, 2015

MORENO CATENA, V.; CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., **Derecho Procesal Civil. Parte Especial**, 8ª, Tirant lo Blanch, 2016

MONTERO AROCA, J.; GÓMEZ COLOMER, J. L.; MONTÓN REDONDO, A.; BARONA VILAR, S., **Derecho Jurisdiccional II. Proceso Civil**, 24, Tirant lo Blanch, 2016

GIMENO SENDRA, V., **Introducción al Derecho Procesal**, Castillo de Luna. Ediciones jurídicas, 2015

GIMENO SENDRA, V., **Derecho Procesal Civil. I. El proceso de declaración. Parte general**, Castillo de Luna. Ediciones jurídicas, 2015

GIMENO SENDRA, V., **Derecho Procesal Civil. II. Los procesos especiales**, Castillo de Luna. Ediciones jurídicas, 2015

Bibliografía Complementaria

Recomendacións